



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

*María José Vázquez Cancelo.
IES Monte Neme. Carballo*

PRÁCTICA 4

ESTRATEGIAS NA AULA

Na primeira sesión realizouse a proba previa.

A segunda sesión utilizouse para:

- Explicar ós alumnos en que consistía a experiencia.
- Realizar a enquisa previa.
- Mostrarlles a Web Descartes e navegar por ela para ir familiarizándose co entorno de traballo.
- Agregar en favoritos as unidades didácticas que imos tratar.

Na terceira sesión :

- Agrupáronse os alumnos de dous en dous,
- Elixiuse ordenador.
- Entregouse a primeira ficha da unidade e informouse de que nas sesións de clase as fichas habería que completalas coa información da web e habería que facer os exercicios propostos.
- Informouse de que unha das catro sesións semanais impartirase nun aula normal e que dita sesión utilizarase para: facer algunha explicación puntual, preguntar dúbidas, rematar exercicios ..., e na que se traballará de forma individual.

Nas seguintes sesións o profesor fai entrega das fichas. Nalgunhas sesións entréganse dúas fichas e noutras non he posible rematar unha ficha polo que continúaase na seguinte sesión. No caso de que máis da metade da clase remate as actividades na aula , aqueles que non puideron acabala a levarán para casa para entregala rematada o inicio da sesión seguinte.

Utilizouse como material complementario o programa "prolin".

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada é a recomendada no curso:

1. Os alumnos **lían na pantalla** as indicacións de cada apartado que había que realizar.
2. Realizaban as **actividades nas escenas** de Descartes seguindo as explicacións lidas.
3. Realizaban as actividades que se pedían en pantalla escribindo nas follas de



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

*María José Vázquez Cancelo.
IES Monte Neme. Carballo*

traballo dispostas para elo, e onde se lles facía exactamente as mesmas preguntas e se lles propoñían, cando menos, os mesmos exercicios que aparecían na pantalla. Cando nunha ficha aparecían máis exercicios que na pantalla, o alumno utilizaba as mesas sen ordenador para poder traballar mellor.

4. As parellas **compartiron as dificultades** ou dúbidas coa parella de traballo e incluso cos compañeiros dos grupos que estaban ó lado.
5. As follas de traballo as realizaron de forma **individual**.
6. Cando completan unha folla, a **entregaban** e viñan coller a seguinte.
7. Unha vez corrixidas, as follas servíronlles de **apuntes** para estudar o tema.
8. Cando todos ou case todos os membros da clase tiñan unha **dificultade común** aclaraba a dificultade xurdida a toda a clase.
9. A nota final foi a media entre o exame e as notas das fichas e máis os problemas de repaso.

DESENROLO

A continuación aparece un resumo do **Diario de clase**, no que se recollían as incidencias de cada sesión.

<u>8/10/08</u>	<u>Proba previa</u> <ul style="list-style-type: none">• <i>Os alumnos mostráronse preocupados porque non sabían si contaba ou non para nota</i>• <i>Dous alumnos sen ver a proba dixeron que non sabían nada.</i>• <i>Algúns alumnos pediron facer a proba a lapis.</i>
<u>9/10/08</u>	<u>Enquisa inicial</u> <ul style="list-style-type: none">• <i>Faltaron dúas alumnas que farán a enquisa na seguinte sesión.</i>• <i>Non recordaban as notas do ano pasado</i>• <i>Para moito era o mesmo a pregunta de materia máis valorado a e materia que máis te gusta.</i>• <i>Na pregunta das horas co ordenador preguntaron si se refería a xogar ou divertirse.</i>• <i>Preguntaron se a semana era de 5 ou de 7 días.</i> <u>Presentación do entorno Descartes</u> <ul style="list-style-type: none">• <i>Os alumnos coñeceron o entorno de traballo.</i>



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

María José Vázquez Cancelo.
IES Monte Neme. Carballo

<u>Do 13/10/08</u> <u>ó 25/11/08</u>	<u>Fichas das unidades didácticas:</u> <ul style="list-style-type: none">• O día 13 entregouse a primeira ficha da primeira unidade didáctica.• Encontrouse unha fórmula na ficha que difería da pantalla.• O día 27 entregouse a primeira ficha da segunda unidade didáctica.• Encontrouse na web un exercicio que presentaba erros• As fichas entregáronse de unha en unha.• Os alumnos que faltaban a unha sesión facían o atrasado na casa.• As fichas recollíanse ó rematar a sesión e se non se remataban volvíanse entregar ó inicio da sesión seguinte.• As fichas unha vez corrixiadas se entregaban ós alumnos.• A sesións dos días 22/10/01 e 13/11/01 non se puideron impartir por folga de alumnos.• A sesión do día 3/11/08 tampouco se impartiu por ser un dos festivos elixidos polo centro.• Utilizouse como material complementario o programa "prolin"
<u>26/11/08</u>	<u>Repaso</u> <ul style="list-style-type: none">• Os alumnos utilizaron os exercicios finais para repasar o aprendido.
<u>1/12/08</u>	<u>Proba final</u> <ul style="list-style-type: none">• Sen incidencias
<u>2/12/08</u>	<u>Enquisa final</u> <ul style="list-style-type: none">• Faltaron dous alumnos que fixeron a proba o día seguinte de clase.